(.../...)

El técnico que suscribe, en su informe del 14 de junio de 2024, determina el cumplimiento de las condiciones legales para la concesión de la prórroga. (.../...)"

En relación ao afirmado polo técnico municipal e anteriormente transcrito, sinalar que o parágrafo primeiro do precepto regulamentario citado indica expresamente que a petición de prórroga debe ter lugar no prazo máximo de quince días desde aquel en que se produza a causa orixinaria do retraso ( advirtase que o precepto regulamentario utiliza o termo imperativo "deberá"), polo que o sinalado no parágrafo segundo ( e que figura resaltado en negrita e subliñado no informe técnico) debe interpretarse conxuntamente co sinalado no parágrafo que o antecede, non illadamente, de xeito que se aplicaría o prazo que o dito parágrafo segundo establece sempre que esta solicitude formulada o último mes de execución se referise a solicitudes que tivesen a causa orixinaria do retraso nos quince días posteriores a que esta se produza( é dicir, causas producidas como máximo un mes e quince antes da terminación do contrato) circunstancia esta que non se cumpre no suposto examinado, xa que algunha das causas alegadas en xuño e que se argumentaban para motivar a solicitude de prórroga se produciran hai máis de nove meses, sen que, por outra banda, foran comunicadas con anterioridade pola dirección de obra.

No informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 30 de agosto de 2024, segundo indica no "Asunto" en relación á solicitudes de ampliación de prazo de obra y solicitud de paralización temporal de la obra, realizadas por la empresa Contratista Obras Gallaecia S.L. e informadas por la Dirección de Obra" expón que o retraso na execución do contrato non é imputable ao contratista, xa que considera que as causas esgrimidas no informe emitido pola Dirección de Obra con data 13 de xuño de 2024 as considera válidas para a xustificación do retraso.

No informe citado, expón o seu criterio sobre a solicitude de amplicación de prazo; indica que a solicitude efectuada pola empresa adjudicatária se fundamenta en causas metereolóxicas, concretamente en forma de choiva, como causa para executar os traballos en condicións de seguridade e con todas as garantías técnicas. Segundo indica, " (.../...)Tras el análisis del informe climatológico presentado por la empresa constructora, y tras desechar aquellos días en los que la precipitación se produjo en día no laborable o días cuya precipitación no superaba los 15 mm/h, **resultan un total de 24 días laborables que no se han podido ejecutar trabajos exteriores por inclemencias climáticas**, entre los que se incluyen la instalación de red de pluviales, relleno, extendido y compactación de zahorra o colocación del adoquín.

En la causa atribuible al movimiento de tierras, se verifica la presencia de suelos arcillosos (Clasificación H.R.B.) o limo de baja plasticidad arenoso ML (Clasificación Casagrande), de acuerdo con el Acta de Ensayos de Suelos: identificación físico-química, con número de acta 23450-06, efectuado por la empresa adjudicataria del control de calidad para el Concello de Cambre.

De acuerdo con el plan de obra recogido en los proyectos constructivos, el movimiento de tierras debía ejecutarse en el tercer mes de obra para la Fase 1, siendo dicho mes, septiembre de 2023, de acuerdo con el inicio de los trabajos (21 de junio de 2023), mientras que los movimientos de tierra en la Fase 2 debían realizarse el segundo y tercer mes de obra (agosto y septiembre de 2023).

Durante el mes de agosto de 2023, los valores de precipitación han sido testimoniales, registrándose como valores más altos, 9,1 mm/h (28/08/2023) y 8,3 mm/h (18/08/2023), no debiendo ser un impedimento para ejecutar los movimientos de tierras. En el mes de septiembre de 2023, y de acuerdo con los datos incluidos en la solicitud del Contratista, valores apreciables de precipitaciones se han producido el 9 de septiembre (25,4 mm/h), el 16 de septiembre (15,3 mm/h) y el 20 de septiembre de 2023 (18,5 mm/h).

En el caso del sábado 9 de septiembre de 2023, hubo una total ausencia de precipitación en la semana posterior a dicho día, con una temperatura media a 1,5 metros en dicha semana comprendida entre los 17,0 y los 19,6°C, existiendo por tanto la posibilidad de ejecutar el movimiento de tierras, una vez transcurridos los tres (3) primeros días de la semana laborable al existir condiciones climáticas para que reduciéndose el agua acumulada por el terreno, razón por la que solo **se debe considerar 3 días laborables de esa semana como días inhábiles para la ejecución del movimiento de tierras.**

En el caso de la semana laborable del 18 al 22 de septiembre de 2023, donde se registra una lluvia de intensidad fuerte el sábado anterior, 16/09/2024, y el miércoles siguiente, 20/09/2023, con un rango de temperaturas medias entre 17 y 13,7 °C, se puede considerar que en dicha semana, el ritmo de los trabajos de movimiento de tierras se vio alterado por la distribución temporal de las lluvias, razón por la que **se debe considerar 4 días laborables de esa semana, al exceptuar el miércoles 20/09/2023 que ya se tuvo en cuenta, como día inhábil para la ejecución de trabajos en el exterior.** (..../....)

Alúdese, polo tanto, no dito informe a condicións climatolóxicas dos meses de agosto e setembro de 2023, condicións que nembargantes, non foron comunicadas pola dirección de obra dentro do prazo fixado polo artigo 100 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, o que supón un incumprimento do sinalado no dito precepto regulamentario.

Polo tanto, ao non concorrer no momento de solicitar a primeira ampliación do prazo de execución todos os requisitos esixidos para acordar esta (especificamente a falta de comunicación en prazo regulamentariamente establecido das causas motivadoras do retraso), infórmase desfavorablemente a nova ampliación solicitada.

De ser outro o criterio do órgano de contratación, deberá incorporarse ao expediente o preceptivo informe da intervención municipal.

Por outra banda, tal e como sinala a interventora municipal, no informe presentado por CIMARQ o 13.06.2024 (núm. de entrada 202499900003889) indícase que: "3. ANALISIS DE LA SOLICITUD DE AMPLIACIÓN POR LA D.O.

(...) Dicho levantamiento topográfico erróneo ha provocado la necesidad de modificar el Proyecto Arquitectónico, en una proporción equivalente a aproximadamente 922 m2 del conjunto del parque según se relata a continuación: (.../...)

Tamén no informe emitido pola dirección de obra en data 27 de xullo de 2024 faise alusión a que ".....Esas discrepancias hacen necesaria la realización de unos modificados del proyecto en esa zona, para adaptarlo a la realidad existente. Estas diferencias detectadas en el encuentro de las gradas con la acera existente, son imposibles de solucionar en la obra. Por lo tanto, es imprescindible realizar un trabajo de estudio más riguroso para poder solucionar estas discrepancias en las cotas que el nuevo levantamiento topográfico ha evidenciado....."

Sobre este particular, indicar, como tamén informou a Interventora municipal no seu informe de 3 de xullo de 2024, que non consta no expediente tramitación administrativa algunha referida á modificación do proxecto Arquitectónico, que resulta preceptiva con carácter previo á introducción de modificacións no proxecto.

**CONCLUSIÓN:**





En atención ao exposto infórmase desfavorablemente a ampliación do prazo de execución da obra referenciada.

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(...)"

Visto o "INFORME DE RATIFICACIÓN DE CAMBIOS NO SUSTANCIALES DEL PROYECTO", presentado polos directores facultativos da obra dona María Morán Castillo e don Víctor José Couto Gómez da empresa CIMARQ, S.L. o 17.10.2024 (núm. de entrada 202499900006656).

Visto o "INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR 2ª AMPLIACIÓN DE PLAZO PARQUE RAMÓN BARBA FASES 1 E 2 /2024" de carácter desfavorable, asinado pola interventora municipal o día 25.10.2024 (CVD: DLLTKWG0sEx4DMSWHHUp) no que, entre outras cousas di:

"(...)

#### D. RESULTADO DE LA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

##### [ X ] Fiscalizado desfavorablemente :

- **X\*.A:** No meu informe referencia LMR AMPLIACIÓN DE PLAZO PARQUE RAMÓN BARBA FASES 1 E 2 /2024 emitido o 03.07.2024 (CVD: 6UvLhOyFHSonwxi+p/iT) informei desfavorablemente a solicitude de ampliación de prazo presentada polo representade de OBRAS GALLAECIA S.L. o 05.06.2024 (núm. entrada 202499900003632) como consecuencia do incumprimento do prazo de petición de prórroga regulado no artigo 100.1 parágrafo primeiro do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. En consecuencia, infórmase desfavorablemente a nova ampliación solicitada e advirto por escrito que, ao abeiro da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Asuntos acumulados C-441/22 y 443/22 (07/12/23). Ref. UE148), non cabe calificar de imprevisibles as circunstancias meteorolóxicas desfavorables ás que aluden os informes técnicos que obran no expediente por canto as precipitacións abundantes son características propias do clima oceánico que hai en Galicia. Polo tanto, non é posible introducir modificacións non previstas no contrato de obras por tales causas.

O incumprimento do prazo de execución por parte do adxudicatario (**X\*.B**) faculta ao Concello de Cambre á imposición de penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato (cláusula 32.1 PCA)

**Reitero** a dilixencia de intervención de 22.10.2024 (CVD: d8nNGIM1amvQYroU23x5) :

"(...)SEGUNDO.- Con respecto ao informe achegado pola Dirección de Obra o 17.10.2024 (núm. de entrada 202499900006656), o ingeniero técnico de obras públicas interino municipal non realiza ningunha comprobación ou supervisión senón que limitase a expoñer o seguinte:

"(...) Respuesta aclaratoria:

El informe presentado por la Dirección de Obra ratifica nuevamente, con fecha 17 de octubre de 2024, que los cambios realizados en la obra, debido a los errores topográficos, obedecen a cambios no sustanciales, aportando un porcentaje de variación sobre el PEM de proyecto de un 5.64%, correspondiente al incremento de mediciones sobre las unidades de precio existentes, no generándose, por el momento nuevos precios contradictorios en la actual fase de obra

*Se da por tanto cumprimento al artículo 242 de la LCSP (...)*

*A Dirección de Obra en ningún momento nin aclara nin xustifica por qué o que inicialmente plantexou como un modificado de proxecto (informe presentado o 13.06.2024 con núm. de rexistro de entrada 202499900003889 e informe presentado o 26.07.2024 con número de rexistro de entrada 202499900005043) chegando incluso a cuantificar a superficie afectada en 922 m2 do conxunto do parque e que foi o motivo de solicitar unha ampliación de prazo na execución da obra, plantéxase a partir do 13.09.2024 (núm. de rexistro de entrada 202499900005889) como cambios non substanciais que xa non fan necesaria a modificación do proxecto. Asemade, non identifica nin cuantifica as unidades de obra afectadas senón unha estimación de que “estas variacións representan aproximadamente un 5,64 por cento do precio del contrato inicial”.*

*En consecuencia **segue sen xustificarse documentalmente** se foron realizadas ou non foron realizadas obras non previstas no proxecto aprobado e para as cales se debeu tramitar o correspondente modificado. Así pois, por prudencia non debería realizarse nin aprobación nin pago algún mentres non exista a seguridade do que realmente acontece una execución da obra.*

*Insisto en que no caso de que se executasen obras sen amparo no proxecto aprobado e para as que houbera sido preciso tramitar un modificado, estaríamos ante unha **nulidade de pleno dereito por aplicación dos artigos 47.1.e da Lei 39/2015, de 1 de outubro** (dictados prescindindo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido) e **39.1 da LCSP** que requiriría a tramitación da correspondente **revisión de oficio** ao arranxo do establecido no Capítulo I do Título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (...):*

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Ampliar o prazo de execución da obra “Mellora funcional e accesibilidade do Parque Ramón Barba, fases 1 y 2” (expediente 2022/C003/000011) en 180 días, tal e como solicita o contratista mediante escrito presentado o 30.08.2024 (núm. entrada 202499900005627).

**Segundo:** Notificar este acordo ao contratista, aos directores facultativos da obra e dar traslado, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e á intervención municipal.

**Terceiro:** Publicar este acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se aloxa o Perfil do Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da LCSP.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución



competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

A continuación, solicita o uso da palabra o Sr. Varela Fraguio, e unha vez concedido, manifesta que debido a problemas na recepción da convocatoria e da súa documentación, o seu voto será á abstención.

A continuación, solicita o uso da palabra o Sr. Castro Uzal, e unha vez concedido, manifesta que debido a problemas na recepción da convocatoria e da súa documentación, o seu voto será á abstención.

Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 6 de novembro de 2024 (CVD: NtYfkmn2tjNRmUKTQnxa), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Pan Lesta, González Leirós, Mallo Castro, Boga Moscoso, Díaz Baldomir e Barrientos Morales.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguio e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 6 de novembro de 2024 (CVD: NtYfkmn2tjNRmUKTQnxa), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

### **3.2 PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE AOS SERVIZOS DOS “TRABALLOS DE REPARACIÓN DAS INCIDENCIAS TÉCNICAS GRAVES ENCONTRADAS NOS DISTINTOS BOMBEOS DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE CAMBRE. EXPEDIENTE NÚMERO NÚMERO 2024/C002/000045**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 7 de novembro de 2024 (CVD: ajzYZp+jw+eLNPUdpsL), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC ao número 2024/C002/000045 para a contratación, por contrato menor, correspondente aos servizos dos “Traballos de reparación das incidencias técnicas graves encontradas nos distintos bombes de augas residuais do Concello de Cambre”.

Vista a Memoria justificativa, asinada polo enxeñeiro técnico industrial interino, Ignacio Fernández Díaz, o día 15 de xullo de 2024 (CVD: PRW+4aF8EoWdXm6k5zi4).

Visto o informe denominado “PROPUESTA E INFORME DE NECESIDAD – SECCIÓN DE SERVICIOS”, asinado polo enxeñeiro técnico industrial interino, Ignacio Fernández Díaz, polo Concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente, Juan González Leiros e pola alcaldesa, María Dolores Pan Lesta, o día 17 de xullo de 2024 (CVD: GOM6AME82TRMreNfuwR4).

Visto o documento de retención de crédito de data 22 de xullo de 2024 co Nº. Operación: 17/2024-220240007616, (código para validación: ZOPJP-VFSZA-IJTLG), por importe de 16.565,49 euros con cargo á aplicación orzamentaria 160 21000 “Mantenim. Infraestructuras saneamiento”. (*Reparo de Interventor (LUCIA*



MATA RODRIGUEZ) en nome de Xestor de Intervención: La contabilización de RC no supone la conformidad de esta intervención con el procedimiento de gasto. Los cálculos que figuran en la memoria valorada (CVD: PRW+4aF8EoWdXm6k5zi4) no permiten verificar la correcta estimación del precio).

Visto o informe do enxeñeiro técnico industrial interino, Ignacio Fernández Díaz o día 17 de setembro de 2024 (CVD: f2kdqL/FtJFDHCohmheG) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

En relación co expediente de contrato menor de referencia emítase o seguinte **INFORME**:

**Primeiro:** Presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS S.L.	13.690,49€	16.565,49€

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, e é a única oferta recibida, **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente ao servizo de “Reparación das incidencias técnicas graves atopadas en distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre”, á empresa TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS S.L. con NIF B-70340989 e domicilio en Polígono Industrial de A Xira, Camiño da Carreira, nº 33, 15181 Cambre, no prezo ofertado de 13.690,49€ sen IVE, 16.565,49€ IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

(…)”.

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria xeral, de data 1 de outubro de 2024 (CVD: c6OvUEx0dUIVxllDD+B) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

#### **CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS.**

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia da funcionaria que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, da necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e da excesiva carga de traballo que soporta esta Secretaría, o que imposibilita facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente emítase coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que poderán ser ampliadas unha vez examinado o expediente con máis detemento.

#### **ANTECEDENTES**

Os que figuran no expediente TEDEC 2024/C002/000045

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.-** En data 4 de setembro de 2024 por esta Secrearía emitiuse informe en relación a este expediente (CVD: PsG4W30RjtRmVjH0VXXY), no que se, polas consideracións contidas nel informouse desfavorablemente a contratación como contrato menor dos “Traballos de reparación das incidencias técnicas graves encontradas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre”.

*A funcionaria que subscribe ratifícase no sinalado no dito informe que se da por integramente reproducido en aras á brevidade.*

*Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación, e examinado o expediente infórmase o seguinte:*

- *Non consta informe do xefe da área xustificativo de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, o que infrinxe o disposto na base 26.2 das de execución do presuposto*
- *Non consta informe do xefe da dependencia que conteña a proposta de resolución (artigo 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais) e co contido que establece o artigo 175 do dito textor regulamentario, o que infrinxe o disposto nos ditos preceptos*
- *Non consta que o expediente se remítese á intervención municipal aos efectos establecidos na base 26.2 das de execución do presuposto o que infrinxe o disposto na dita base,*

*polo que , e se reitera, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación verbo do sostido por esta Secretaría, debería subsanarse o expediente mediante a cumprimentación dos trámites indicados.*

#### **CONCLUSIÓN:**

*En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** a contratación como contrato menor dos traballos de reparación das incidencias técnicas graves encontradas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre, e a adxudicación á Tecnomak Sistemas y Fluidos, S.L. , polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.*

*É o que expoño neste informe coas limitacións, cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.*

*(...)"*

Visto o informe asinado polo Xefe da Área de urbanismo e réxime interior, Emilio Martínez Cubero o día 17 de outubro de 2024, (CVD: lqRac+jPWnU91E0H56Mj), no que entre outras cousas di:

*("(...)*

*En relación co contrato menor indicado emítase o presente **INFORME:***

**Primeiro.-** *Por Providencia do concelleiro-delegado da área de urbanismo, obras, servizos, transportes e medio ambiente de data 12 de xullo de 2024 se resolve que pola sección de servizos se tramite un contrato menor para reparar as incidencias técnicas atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre.*

**Segundo.-** *O día 15 de xullo de 2024, o enxeñeiro técnico industrial municipal, Ignacio Fernández Díaz, emite a memoria valorada para os "Traballos de reparación das incidencias técnicas graves atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre".*

*E o día 16 de xullo de 2024, o mesmo enxeñeiro técnico industrial municipal, emite informe técnico de necesidade dos "Traballos de reparación das incidencias técnicas graves atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre". No apartado 4 de dito informe xustifícase que "la contratación pretendida no supone un fraccionamiento del objeto del contrato para evitar la aplicación de las normas generales de la contratación"*

**Terceiro.-** *O día 5 de setembro de 2024 dítase providencia de Alcaldía resolvendo que polo persoal do departamento de Secretaría-Contratación se proceda a publicar no perfil do contratante do Concello un anuncio no que se concedan 3 días hábiles para a presentación de ofertas, publicando a descrición técnica valorada, anexos e criterios de adxudicación que constan en dito expediente.*





**Cuarto.**- O día 11 de setembro de 2024 incorporouse a oferta económica presentada na "Plataforma de Contratos del Sector Público" por Marcos Rivera Rodríguez, en representación de TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L., por importe de 13.690,49€ (16.565,49€, IVE engadido), única oferta presentada. Con data do 17 de setembro de 2024, emítese polo enxeñeiro técnico industrial municipal, i nforme proposta de adjudicación a favor de TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L., por í mporte de 13.690,49€ (16.565,49€, IVE engadido).

**Quinto.**- O día 1 de outubro de 2024 emítese informe pola Secretaría Xeral do Concello no que se indica, entre outras cuestións, que non consta informe do Xefe da Área xustificativo de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Logo de ver a documentación obrante no expediente, en especial os informes técnicos emitidos sobre o particular, e conforme aos mesmos, infórmase que os traballos de reparación das incidencias técnicas graves atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre a contratar non alteran o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

(...)"

Vista a providencia do concelleiro de urbanismo, obras, servizos, transportes e medio ambiente asinada o día 17 de outubro de 2024, (CVD: GOM6AME82TRMreNfuwR4), na que dispon:

"(...)

#### **DISPOÑO:**

Que a Sección de Servizos continúe coa tramitación do procedemento de contrato menor para a contratación dos traballos de reparación das incidencias técnicas graves encontradas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre, dando traslado do expediente ao departamento responsable da contratación para que realice o informe-proposta para a súa resolución por acordo da Xunta de Goberno Local.

(...)"

Visto o **INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AO CONTRATO MENOR DENOMINADO "TRABAJOS DE REPARACIÓN DE LAS INCIDENCIAS TÉCNICAS GRAVES ENCONTRADAS EN LOS DISTINTOS BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE" NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2024/C002/000045**, emitido pola interventora municipal, de data 22 de outubro de 2024 (CVD: 9NQFqVWvsqHBZu8QAI4/) no que, entre outras cousas, di:

"(...)

#### **ANTECEDENTES**

1. Expediente tedec número 2024/C002/000045 : TRABAJOS DE REPARACIÓN DE LAS INCIDENCIAS TÉCNICAS GRAVES ENCONTRADAS EN LOS DISTINTOS BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE
2. Documento contable RC por importe total de 16.565,49 € na seguinte aplicación orzamentaria:

Nº Operación	Fase	Fecha	Referencia	Aplicación	Importe	Texto Libre
220240007616	RC	22.0 7.20 24	2202400359 7	2024.160.2 10.00	16.565, 49	RC TRABALLOS DE REPARACIÓN INCIDENCIAS GRAVES EBAR. EXPEDIENTE TEDEC 2024/C002/000045.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85 modificada entre outras pola lei 27/2013.
- Real decreto lexislativo 781/86, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL)
- Real decreto 500/90, polo que se aproba o regulamento orzamentario.
- Ley 5/97 de administración local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro pola que se aproba a lei de contratos do sector público. (LCSP)

Ao abeiro dos artigos 17 e 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro pola que se aproba a lei de contratos do sector público (LCSP), do artigo 219.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLFL) e da base 26ª das de execución do orzamento municipal 2024,

### INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AXEITADO E SUFICIENTE

**PRIMEIRO.-** Dacordo cós datos dispoñibles a data de hoxe na contabilidade municipal do ano 2024 esta Intervención informa que existe crédito axeitado e suficiente ata a cuantía máxima de **16.565,49 €** para o obxecto denominado **"RC TRABALLOS DE REPARACIÓN INCIDENCIAS GRAVES EBAR. EXPEDIENTE TEDEC 2024/C002/000045"**. O crédito en cuestión se atopa na fase contable **RC** cós **números de operación e números de referencia sinalados nos antecedentes deste informe.**

**SEGUNDO.-** A base 26ª das de execución do orzamento 2024 do Concello de Cambre dispón:

"(...)

2. Con respecto á tramitación de expedientes de contratos menores, atenderase ás seguintes normas:

"(...)

Deberá xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. Dito extremo haberá de ser informado por parte do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor. Se non se cumpre este requisito a contratación será obxecto de reparo suspensivo pola intervención municipal.(...)"

No expediente 2024/C002/000045 consta informe do xefe de área de urbanismo e réxime interior asinado o 17.10.2024 (CVD: IqRac+jPWnU91E0H56Mj) nos seguintes termos:

"(...) **Quinto.-** O día 1 de outubro de 2024 emítase informe pola Secretaria Xeral do Concello no que se indica, entre outras cuestións, que non consta informe do Xefe da Área xustificativo de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Logo de ver a documentación obrante no expediente, en especial os informes técnicos emitidos sobre o particular, e conforme aos mesmos, infórmase que os traballos de reparación das incidencias técnicas graves atopadas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre a contratar non alteran o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.(...)"

Se ben non corresponde a esta intervención analizar o contido da xustificación alegada senón comprobar que existe informe do xefe da área tramitadora do expediente do contrato menor, o feito de que o xefe de área de urbanismo e réxime interior non detalle en qué aspectos dos informes técnicos se fundamenta para afirmar que non se está a alterar o obxecto do contrato resta transparencia ao manifestado no seu informe.



*E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino dixitalmente o presente informe de existencia de crédito a data que figura na marxe.*

(...)"

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 584/2024, do 7 de maio, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Autorizar o gasto por importe de 16.565,49 euros con cargo á aplicación orzamentaria 160 21000 do orzamento en vigor.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor correspondente aos servizos dos "Traballos de reparación das incidencias técnicas graves encontradas nos distintos bombeos de augas residuais do Concello de Cambre", á empresa TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS S.L. con NIF B-70340989, no prezo ofertado de 13.690,49€ sen IVE, 16.565,49€ IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Terceiro:** Designar responsable do contrato ao enxeñeiro técnico industrial interino, Ignacio Fernández Díaz, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto:** Notificar o acordo ao adxudicatario e dar traslado deste, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, á interventora municipal e ó responsable do contrato.

**Quinto:** Publicar este acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente".

A continuación, solicita o uso da palabra o Sr. Varela Fraguio, e unha vez concedido, manifesta que debido a problemas na recepción da convocatoria e da súa documentación, o seu voto será á abstención.

A continuación, solicita o uso da palabra o Sr. Castro Uzal, e unha vez concedido, manifesta que debido a problemas na recepción da convocatoria e da súa documentación, o seu voto será á abstención.



Non producíndose máis intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 7 de novembro de 2024 (CVD: ajzYZp+jw+eLNPUdpnsL), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Pan Lesta, González Leirós, Mallo Castro, Boga Moscoso, Díaz Baldomir e Barrientos Morales.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguio e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 7 de novembro de 2024 (CVD: ajzYZp+jw+eLNPUdpnsL), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **5.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 31 de outubro ao 7 de novembro de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1307/2024 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos núm. 1333/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1307/2024	31-10-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes setembro de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes, e o seu pagamento por un importe total de 64.868,24 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de setembro de 2024 por importe de 20.397,13 euros
1308/2024	31-10-2024	Autorizar á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, dona María Yolanda Díaz Baldomir, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con MIRP que se realizará o día 4 de novembro de 2024, ás 10:15 horas
1309/2024	31-10-2024	Autorizar á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, dona María Yolanda Díaz Baldomir, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con ERS que se realizará o día 4 de novembro de 2024, ás 10:30 horas
1310/2024	31-10-2024	Autorizar á concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos, dona María Yolanda Díaz Baldomir, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con DLP que se realizará o día 4 de novembro de 2024, ás 10:45 horas
1311/2024	31-10-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de novembro de 2024
1312/2024	04-11-2024	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 182.518,05 euros

		con reparos non suspensivos da intervención municipal
1313/2024	04-11-2024	Comparecer no procedemento abreviado número 0000153/2024 interposto contra a desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados en vehículo, ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada
1314/2024	04-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: M <sup>a</sup> delMIJ
1315/2024	04-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EJMM
1316/2024	04-11-2024	Cesar con efectos do día 02 de novembro de 2024 á funcionaria interina AMVO polo transcurso do prazo establecido do programa de carácter temporal e duración determinada de tres anos cunha prórroga ata o 02 de novembro, de conformidade cos artigos 23.2 c) e 24.3.c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1317/2024	04-11-2024	Autorizar, con efectos do día 7 de maio de 2024, a apertura da urna central sinalada co número 36 letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 6 de maio de 2024, co obxecto de inhumar os restos mortais de MCMC. Solicitante: MDM
1318/2024	04-11-2024	Autorizar, con efectos do día 21 de xuño de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 167 letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada B en data 20 de xuño de 2024 co obxecto de inhumar os restos mortais de CLM. Solicitante: BdeMB
1319/2024	05-11-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 27 de novembro de 2024
1320/2024	06-11-2024	Cesar con data 6 de novembro de 2024 ao conserxe interino JLRY, pola reincorporación da titular do posto a quen substituíra, de conformidade cos artigos 10-3 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 24-3.d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1321/2024	06-11-2024	Adscribir provisionalmente á funcionaria auxiliar administrativa MIPF ao posto vacante de auxiliar administrativa de Intervención mentres non obteña un posto de traballo con carácter definitivo polo procedemento ordinario de provisión de postos, de conformidade cos artigos 97-2 e 173-1 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1322/2024	06-11-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
1323/2024	06-11-2024	Conceder a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da



		posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: MEG
1324/2024	06-11-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: AFF
1325/2024	07-11-2024	Conceder licenza municipal solicitada para a execución dunha cala de 1 m <sup>2</sup> fronte ao edificio sito na rúa Luis Seoane, parroquia do Temple, para o mantemento da rede de gas canalizado. Solicitante: GNR GLP, S.A.
1326/2024	07-11-2024	Desestimar as alegacións presentadas por JNL ao resultar extemporáneas, por canto que a resolución á que se refiren é firme en vía administrativa, sen que por outra parte achegue proba algunha para acreditar o manifestado nelas. Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas aos hdros. de MDSP e MDGS con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 14 de decembro de 2023 pola que se lles ordenou que regularizasen as obras, obxecto de denuncia, consistentes nun peche de malla metálica situado por detrás do peche vexetal, así como a porta metálica peonil, existentes na finca sita en Espiritu Santo, Cecebre
1327/2024	07-11-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación de dous postes co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita no lugar de Pite, parroquia de Sigrás. Solicitante: TdeE, SAU
1328/2024	07-11-2024	Declarar a NF, S.L.responsable dunha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na finca sita no lugar de Picardos, Anceis, sen ter depositado o correspondente aval; dunha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa. Como consecuencia do anterior, impoñer a NF, S.L. as seguintes sancións: - 1.500 euros, pola infracción moi grave; - 500 euros, pola infracción grave
1329/2024	07-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JEQG
1330/2024	07-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JLTO
1331/2024	07-11-2024	Baixa de recibos da taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, evacuación e depuración e canon da auga da Xunta de Galicia a contribuíntes e liquidación aos substitutos do contribuínte.
1332/2024	07-11-2024	Considerar desistida a MVVB da solicitude da axuda económica de



		emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 16/09/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1333/2024	07-11-2024	Nomear a SA técnica de Administración xeral interina, encadrada na escala de administración xeral, subescala técnica, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A1, por exceso ou acumulación de tarefas adscrita á Unidade de Réxime Interior por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezaoto meses, de conformidade co artigo 23-2d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia

#### **6.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira